

LOS MALDITOS

Roberto Minervini, 2024

1558

ESTREA EN NUMAX: 25.07.2025 | V.O.S.E. | +16 | 88 min

Inverno de 1862. En plena Guerra de Secesión, o exército estadounidense envía unha compañía de soldados voluntarios aos territorios do oeste, coa misión de patrullar as inexploradas terras fronteirizas. A medida que a súa misión cambia de rumbo, o significado do seu compromiso comeza a escapárselles.

Na liña de westerns despoixados de épica como “Dead Man” ou “Meek’s Cutoff”, o reputado documentalista Roberto Minervini debuta na ficción virando a súa mirada cara ao pasado estadounidense para abordar un dos seus mitos fundacionais. O arquetipo clásico da patrulla do exército perdida desenvólvese nun terreo fantasmagórico, de tensión permanente, onde un grupo de soldados senten o axexo dun inimigo invisible, inmovilizados pola incerteza e arrasados polas dúbidas existenciais, que comparten ante unha fogueira polas noites.



Entrevista con Roberto Minervini: «Interesábame a idea de trazar paralelismos entre hoxe e o século XIX»

Por Colectivo Termita

Como arrinca o proxecto e a idea inicial da viaxe a Montana? Todo parte desta fractura histórica dentro dos Estados Unidos, política e ideolóxica, pero tamén cultural. Nestes últimos anos volveuse a falar de cales son os valores que unen un país e moitas veces é unha mensaxe transmitida a través da retórica militar. E a Guerra de Secesión en Estados Unidos é un conflito onde o compoñente retórico é fundamental, e interesábame a idea de trazar paralelismos entre hoxe e o século XIX. A elección de situalo en Montana foi pola súa calidade de terra de ninguén e de fronteira.

Por que situar a acción en 1862? Aí naceu a febre do ouro e foi entón cando o goberno empezou a involucrase, xerando esa interferencia de intereses económicos na guerra. Nese momento empeza a producirse certa confusión ideolóxica, pois a loita por conseguir eses recursos naturais desvíaa os obxectivos orixinais da guerra e interesábame moito ese cruzamento de intereses máis especulativos que, á fin e ao cabo, alimentan o motor da industria bélica. Baseei as miñas investigacións na consciencia desa contradición dos Estados Unidos do século XIX, pois aínda que o goberno afirmase estar a loitar nunha ‘guerra xusta’, estaba xa expóndose a expropiación desas terras e todos os recursos dos nativos. Desde o principio expúxose como o comezo de algo, unha guerra que empoderaría a Estados Unidos e á nova Unión. Dentro deste contexto histórico, Montana era un lugar onde se cruzaban moitos intereses violentamente.

Tendo en conta a súa traxectoria no cinema documental, como foi traballar neste proxecto e a súa preparación? Temos entendido que non había case guión e que os diálogos moitas veces xurdían de conversas... O meu cinema sempre foi extremadamente subxectivo, centrado en rexistrar a experiencia directa de varios suxeitos diferentes. Por tanto, a transición deses traballos a este foi bastante máis natural do que poida parecer, pois as miñas películas nunca tiveron esa ambición politicamente perigosa que é buscar unha verdade absoluta, nunca busquei respostas concluíntes. No cinema da experiencia todo se constrúe día a día. Permitinme pensar máis na identidade a través da ficción, pero a diferenza fundamental foi pasar dun traballo de observación a un máis de reconstrución.

En canto ao deseño sonoro, hai un traballo previo ao visual, con fortes contrastes con respecto á imaxe. Como se estrutura desde aquí a película? Sabiamos desde un principio que a nivel fotográfico íamos adoptar unha postura estética claustrofóbica e que, coa paisaxe fóra de foco, converteríámolo nun ambiente impenetrable. Esta contorna precisaba un universo sonoro particular, e era importante para retratar a espera na guerra. Esa falsa seguridade que dá a espera e como aos poucos vai cambiando. Tiñamos presente que nalgún momento tería que entrar algún tipo de explosión ou alucinación e, tras as investigacións históricas que fixemos, soubemos que no medio dun conflito bélico a experiencia sonora está completamente alterada, perdes as dimensións e é case imposible percibir a intensidade dos sons. Eramos conscientes de que a imaxe nos daría elementos para crear o inimigo sonoro, e a partir de aí traballamos coa idea dun percorrido sonoro bastante complexo, cheo de contrastes: sons moi estridentes, outros inidentificables, uns que se amplifican, outros que morren, sons diexéticos, extradiexéticos...